



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL FISTERRA

Apertura de prazo para a presentación de solicitudes a candidatos de xuíz de paz, titular e suplente

EXPEDIENTE: 2023/X999/000068

ASUNTO: Elección de Xuíz de Paz titular e substituto

BANDO DA ALCALDIA

JOSE MARCOTE SUAREZ, Alcalde-Presidente deste Concello, FAGO SABER:

Que a Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa reunión de 3/03/2023, acordou oficiar a este concello que inicie novo expediente para elixir Xuíz de Paz Titular e Xuíz de Paz Substituto.

Que corresponde ao Pleno do Concello elixir as persoas para ser nomeadas Xuíz de Paz, titular e substituto deste Concello, de conformidade ao que dispoñen os artigos 101 e 102 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial e artigo 4 e 5.1 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos Xuíces de Paz.

Que se abre un prazo de quince (15) días hábiles para que as persoas que estean interesadas, e reúnan as condicións legais solicítieno por escrito dirixido a esta Alcaldía.

As solicitudes presentaranse no Rexistro de entrada deste Concello ou ben mediante o procedemento que regula o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O modelo de instancia atópase ao dispor dos interesados nas dependencias municipais da Corporación onde poderán ser presentadas dentro do prazo establecido.

Que na Secretaría do Concello pode ser examinado o expediente e solicitar a información que se precise en canto a requisitos, duración do cargo, remuneración, etc.

Así mesmo, estará ao dispor dos interesados na sede electrónica deste Concello (sede.concellofisterra.gal).

Que no caso de non se presentaren solicitudes, o Pleno da Corporación elixirá libremente, de acordo co previsto no artigo 101.1 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial e o artigo 4 e 6 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos Xuíces de Paz, comunicando o Acordo ao Xulgado de Primeira Instancia do partido.

O que se publica para xeral coñecemento.

Fisterra, 23 de marzo de 2023

O Alcalde-Presidente

Asdo. José Marcote Suárez

2023/2162